



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Yolanda Díaz Pérez, integrantes do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión I**, relativa ó proceso de remilitarización das instalacións militares da Terra Cha na provincia de Lugo.

Unha das políticas que polas súas consecuencias ten maior importancia para un país é sen dúbida a que se refire á política de defensa. En consecuencia o Goberno Galego debe dar conta de todas aquelas actuacións nesta materia que involucren a Galicia, tanto no referido as instalacións militares existentes no noso país como a actividade que nelas se desenvolve.

Nos últimos anos tense constatado un evidente incremento da actividade militar e tecnolóxica por parte do Ministerio de Defensa en Galicia o que está a provocar unha fonda preocupación na cidadanía galega.

Ás xa denunciadas intencións de situar unha base de drones no concello de Castro de Rei, engádesse agora a revitalización dun antigo campamento militar a poucos quilómetros de distancia, concretamente en Parga, no concello de Guitiriz, ambos na Terra Cha.

O Ministerio de Defensa instalou por sorpresa e sen previo aviso, arame con concertinas no perímetro do campamento militar de Parga no Concello de Guitiriz. Unha barreira de 5.120 metros das afiadas coitelas de campaña, que teñen provocado indignación e vergoña nas fronteiras de Melilla. Unha medida adoptada nuns terreos propiedade de exercito como consecuencia dunha cesión forzosa por parte da comunidade de montes no ano 1944, en plena ditadura franquista. Mais de cen hectáreas a disposición do exercito, se ben nos últimos anos o emprego destas instalacións que chegaron a acoller 4.500 efectivos na década dos 60, foi en descenso ata chegar case ao abandono.

O establecemento deste novo cerramento ademais de provocar unha evidente agresión na contorna dos montes veciñais, implica un risco evidentes tanto para a veciñanza como para os animais. Un risco que se ve incrementado polo evidente aumento da actividade militar no antigo campamento.

Nos últimos tempos a actividade militar estanse a incrementar o número e a intensidade das manobras e practicas de tiro con morteiros e artillería en zonas próximas ás vivendas da veciñanza das parroquias de Santa Cruz, Roca ou Soexo, co evidente risco que isto comporta.

O incremento da actividade militar no antigo campamento Militar de Parga engádesse o cambio de usos previsto polo Ministerio de Defensa para converter o aeródromo de Rozas nunha base de Drones dependente de Defensa, unha operación na que o Goberno Galego vai a colaborar aportando 10 millóns de euros de diñeiro público.

Dende Alternativa Galega de Esquerda denunciámos de xeito reiterado ás intencións dos Gobernos do Estado e do Goberno Galego por remilitarizar a Terra Cha. De feito, o

aeródromo de Rozas atopase a pouco mais de 20 quilómetros en liña recta do campamento militar de Parga e foi inaugurado no mesmo ano de 1944. Curiosamente ámbalas dúas instalación foron creadas a mesma data e reciben un novo impulso o mesmo ano 2014, 70 anos despois.

Alternativa Galega de Esquerda denuncia o actual proceso de desmilitarización da Terra Cha como zona estratéxica da cornixa Atlántica para un Ministerio de Defensa ó servizo da OTAN, como o demostra ter sido a zona elixida para o establecemento do CIAR (Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas) en castro de Rei. Tanto nun caso como no outro, o escurantismo, a falla de información e o engano conforman a versión oficial dos feitos, como xa ten demostrado AGE.

Dende Alternativa Galega de Esquerda consideramos que a cidadanía ten dereito a saber o que está a acontecer na contorna das súas vivendas, algo que semella básico nunha sociedade que se da en chamar democrática.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

-Coñece o Goberno Galego as intencións que xustifican a remilitarización da Terra Cha por parte do Ministerio de Defensa?

-Sabe o Goberno galego a relación existente entre a reactivación do antigo Campamento Militar de Parga e o establecemento dunha base de Drones en Rozas, a pouco mais de 20 quilómetros?

-Ten información o Goberno Galego sobre un posible cambio de usos ou realización de obras no Campamento de Parga?

-Deu cumprimento o Goberno Galego do acordo Parlamentar acadado no Pleno do 17 de Decembro de 2014 no que se instaba ao executivo a *“dirixirse ao Ministerio de Defensa para solicitarlle que negocie cos veciños do Campamento Militar de Parga as*



condicións de uso de este Campamento para que non prexudique o normal desenvolvemento das súas vidas?”.

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 11/03/2015 15:03:55

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/03/2015 15:04:04

Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 15:04:10